

REUNIÓN DEPARTAMENTO 28/01/2025

Sendo as 9:45 do 28 de xaneiro reúnese o Departamento de Física e Química do IES Lamas de Abade de Santiago de Compostela, para tratar os seguintes puntos na orde do día:

- Seguimento das programacións.
- Necesidades do Departamento.

Faise o seguimento das programacións, observando en todos os cursos da ESO e Bacharelato que as programacións marchan como estaba previsto. Na FP Básica as carencias de base do alumnado levan, como todos estes últimos anos, a que o desenvolvemento da programación sexa moito máis lento do previsto.

O Departamento acorda mercar o seguinte material para prácticas de 2 e 3 ESO:

- bicarbonato
- globos
- pastillas efervescentes, tipo alka selzer
- vinagre
- colorante alimentario

Solicitaranse os solucionarios de Edelvives de Química de 2 Bach, e as licencias dixitais para o profesorado dos cursos de 2, 4 e 2 bach de química.

Contactarase de novo con Sotavento e a Refinería de Repsol, para solicitar visitas, segundo estaba previsto nas programacións.

Sen máis asuntos que tratar, dase por concluída a reunión, sendo as 10:35h do 28 de xaneiro.

Ana Dapena

María Roel

Marcos Vázquez